

A RETÓRICA

A oratoria, a arte de falar perante un auditorio co gallo de convencer, agradar e conmover, require unha técnica que ha de aprenderse e que segue unhas normas perfectamente establecidas. Este conxunto de normas é o que denominamos retórica.

A retórica pasa por tres etapas en Roma. Na primeira delas (até o S. III ou II a.C.) baseábase na aprendizaxe do uso torrencial da palabra e da argumentación. A segunda coincide coa aparición dos rétores gregos en Roma e, aínda que nun principio foron mal vistos, supuxo a introdución na educación romana dun sistema ordenado de normas e regras para o uso adecuado da palabra en público. Finalmente, ao adentrármonos no Imperio, a oratoria e a retórica vanse separando de modo que a segunda seguirá sendo o eixo da educación superior dos mozos romanos.

CARACTERÍSTICAS DO XÉNERO

2.1. Facultades fundamentais

Os tratados de retórica presentan as cinco facultades fundamentais que un orador debe dominar: **inventio** ou busca de argumentos apropiados, **dispositio** ou ordenación dos argumentos, **elocutio** ou elección da forma máis adecuada para presentar as ideas, **actio** ou o control sobre a modulación da voz e os movementos do corpo co fin de facer o discurso máis persuasivo, **memoria** ou capacidade para reter os argumentos así como as outras tres facultades seguintes.

2.2. Tipos de discursos

Genus deliberativum pronunciado perante unha assemblea para disuadila do útil ou pernicioso dun asunto.

Genus demonstrativum en louvanza ou crítica a unha persoa.

Genus iudiciale pronunciado perante un tribunal.

2.3. Partes

Exordium (introdución). Introdúcese o tema e búscase captar a benevolencia do auditorio.

Narratio (narración). Exponse o asunto prestando atención á información chave que hogano se busca na investigación xornalística (que, quen, como, cando, onde e por que)

Argumentatio (argumentación). Deféndese cada un dos argumentos e tenta refutarse cada un dos argumentos en contra.

Peroratio (conclusión). Péchase a intervención nunha conclusión final e invócase os ouvintes para conmove-los.

2.4. Estilos

Escola aticista: caracterízase polo estilo sobrio e un contido sen adornos innecesarios.

Escola asianista: defendía un estilo grandilocuente e exuberante, repleto de adornos e figuras. Hortensio é o seu principal representante.

Escola rodia: tenta buscar un punto de equilibrio entre as dúas anteriores. Cicerón é o seu máximo representante.

3Cicerón

3.1.Biografía (106-43 a.C.)

Marco Tulio Cicerón naceu en Arpino (sur do Lacio) nunha familia de clase ecuestre e recibiu unha primorosa educación. Formouse en Roma e mais en Grecia e viviu o convulso medio século final da República, no que participa activamente a nivel político.

Despois de pronunciar o seu primeiro discurso en Roma no 81 a.C. comeza unha longa viaxe por Atenas, Rodas e Asia Menor en que estuda retórica e filosofía. No ano 77a.C. é elixido cuestor e á súa volta a Roma contrae matrimonio, comeza a súa carreira política (o *cursus honorum*) e pronuncia o seu discurso contra Verres (*vid. infra*).

Do ano 69 ao 63 é nomeado edil, despois pretor e finalmente cónsul. O seu consulado está marcado pola conxuración de Catilina. Á vista da preparación deste evento Cicerón pronuncia catro Catilinas perante o Senado, aquel consegue que se reprima dura e sangrentamente a conxuración e, ao abandonar o consulado, foi duramente censurado. No ano 60 a.C. fórmase o primeiro triunvirato entre César, Craso e Pompeio. Dous anos máis tarde partiu para o exilio, os seus bens foron confiscados e a súa casa derruída.

Ao ano seguinte, os propios triunviros chámanlo de volta a Roma, rodeado de gloria e popularidade ao ser visto como posíbel salvador da República (dado o estado de caos en que se topaba). Así e todo, a pesar das esperanzas iniciais, a situación volveu dexenerar rapidamente. Neste contexto escribiu os seus tratados *De legibus* e *De re publica*.

No ano 52 a.C. Milón asasina ao populista Clodio e o orador defende a aquel co seu *Pro Milone*. No ano seguinte é nomeado cónsul e enviado a Sicilia. A continuación comeza a guerra civil que enfronta a César e Pompeio pódose Cicerón da parte do segundo, mais Pompeio é vencido na batalla de Farsalia. No 48 a.C. César perdoo a Cicerón e este último retírase á súa vila en Túsculo para consagrarse ás letras e á filosofía: é neste momento que escribe *Brutus*, *Orator*, *De natura deorum*, *De amicitia* etc.

No ano 44 a.C., tralo asasinato de César, Cicerón embarca cara a Grecia, xa que Marco Antonio considerábo un dos instigadores do magnicidio. Logo volve a Roma para enfrontar as ambicións de Marco Antonio e nese sentido pronuncia as súas 14 Filípicas e irritan profundamente o seu adversario. Na formación do segundo triunvirato Lépido, Octavio Augusto e Marco Antonio confeccionan unha lista de proscriitos formados polos seus respectivos inimigos políticos. Octavio Augusto, a pesar de simpatizar con Cicerón, non se opón frontalmente a que Marco Antonio o proscriba. En consecuencia, o máis famoso orador da antiga Roma é asasinado no 43 a.C. e a súa cabeza e man dereita son expostas na tribuna dos oradores, no foro.

3.2.A obra oratoria de Cicerón

3.2.1.Discursos

Cicerón é o máis grande dos oradores romanos. Por reunir o mellor do aticismo e do asianismo para adaptarse libremente ao que exixisen as circunstancias non pode encadrarse en ningunha das dúas tendencias. Xeralmente na súa mocidade pareceu máis próximo ao asianismo e na súa madurez ao aticismo. Distinguimos entre os seus **discursos xudiciais** (que poden ser “en defensa de” -pro...- o “contra” -in...- unha certa persoa) pronunciados perante un tribunal e os **discursos políticos**, pronunciados perante o Senado ou no Foro en defensa ou en contra de alguén.

In Verrem (discurso contra Verres). Cicerón, que fora cuestor en Sicilia, recibe a encomenda dos sicilianos de defendelos fronte ao seu gobernador, Verres, en canto este último é defendido por Hortensio. Dos sete discursos que escribiu pronunciou tan só os dous primeiros, pois o acusado preferiu ir voluntariamente ao desterro e non esperar a que o tribunal proferise sentenza contraria aos seus intereses.

Pro lege Manilia. Aquí o autor defende a proposta de lei do tribuno da plebe para conceder a Pompeio plenos dereitos na continuación da guerra contra Mitrídates.

In Catilinam. Catilina, candidato ao consulado xunto a Cicerón, non é elixido e a continuación trama unha conxuración para tomar o poder, en que se planeaba até o asasinato de Cicerón e doutros cidadáns. Este último, informado por un dos conxurados, pronuncia contra Catilina catro discursos no Senado. O primeiro en presenza de Catilina, ao que acusa directamente e prema para que abandone Roma e se poña ao mando das tropas que tiña preparadas. Na sufocación desta tentativa rebelde, Cicerón manda executar os cómplices de Catilina sen atender ao seu dereito de apelar ao pobo romano. Isto último, a pesar de darlle gran gloria en Roma, supúxolle o desterro a instancias do seu inimigo Clodio.

Pro Marcello* e *Pro Ligario. Tralo triunfo de César, Cicerón pronunciou dous discursos en defensa destas figuras públicas que foran, coma el, inimigos do ditador.

In Antonium orationes Philippicae. Son catorce discursos contra Marco Antonio de estilo memorábel: a forza do vocabulario, a escolla exacta das palabras, a variedade de figuras retóricas, a densidade da expresión, o ritmo *etc* fan que para moitos se trate das súas mellores obras oratorias.

3.2.2. Tratados de retórica

Brutus. É unha historia da oratoria en Roma, desde as orixes do xénero até os tempos do autor, precedida dun breve resumo acerca da oratoria grega. Tras referirse a autores primitivos continúa cos autores que máis contribuíron ao perfeccionamento do xénero e acaba por falar de si mesmo, da súa formación e dos comezos da súa carreira até chegar á fama que xa tiña na altura en que escribiu a obra.

De oratore. En tres libros trata a formación do orador e a técnica do discurso. Cre que o perfecto orador debe reunir tres requisitos: unha certa disposición natural, cultura profunda e tan extensa canto sexa posíbel en todas as disciplinas e coñecemento das técnicas do discurso.

3.3. Valoración de conxunto

A obra de Cicerón ten gran valor literario dentro da literatura latina. Aínda hoxe é considerado o gran perfeccionador da prosa latina. Mostra grande preocupación pola exactitude no uso das palabras, a estética das súas obras e por expresarse nun latín depurado (isto é, facer uso só dos helenismos necesarios). É a figura máis importante do Século de Ouro da literatura latina.

Aínda estaba vivo cando as súas obras comezaron a estudarse nas escolas romanas. A súa influencia sobre escritores latinos posteriores foi aumentando até a Idade Media e alcanzou o seu apoxeo no Renacemento, en que os latinistas se chegaban a gabar de non utilizar unha soa palabra que non utilizase antes Cicerón.

Co imperio, as liberdades civís republicanas sufriron fondas transformacións que levaron a oratoria á decadencia. Neste contexto é que se refuxia aquela nas escolas de retórica e salas de recitación.